

COMUNICÁMONOS E REFLEXIONAMOS SOBRE A LINGUA

1. A comunicación

1.1 Introducción

Os humanos son seres que nacen e se desenvolven nunha sociedade de individuos que precisan relacionarse uns cos outros. O home é, pois, un ser social ao que lle cómpre comunicarse con outros individuos da mesma especie para intercambiar experiencias, datos, etc., en definitiva información. Na sociedade en que vivimos estamos continuamente realizando ou presenciando actos de comunicación. O son dun timbre, os acenos dunha man erguida que di adeus, os olores dunha comida, o sabor dun doce, o contacto cunha pel suave, etc., todos eles son actos de comunicación baseados no uso de signos de diversa índole: audíbles, visibles, táctiles, olorosos, saborosos, etc.

A comunicación é, pois, un acto de transmisión de información dun individuo a outro, é un proceso que bota man dunha serie de elementos que interveñen de forma activa ou pasiva nese proceso, aínda que, ás veces, esa participación non sexa facilmente recoñecible.

1.2 O proceso de comunicación

Nun acto de comunicación teñen que estar sempre presentes unha serie de elementos, aínda que estes sexan imperceptíbles para nós. Tales elementos son: referente, emisor, receptor, mensaxe, código, canle, contexto e situación.

O referente é o obxecto material ou non ao que se refire a mensaxe, o emisor é a persoa, animal ou cousa que transmite a mensaxe; o receptor, quen a recibe. A mensaxe está constituída polo conxunto de información que o emisor envía ao receptor. O código é un conxunto de signos e regras, que, combinados, permiten construír mensaxes, é a lingua que utilizamos na transmisión de información. A canle é o medio ou camiño polo que circula a mensaxe (aire, cable, papel,...). O contexto está constituído polo contorno lingüístico en que se produce o acto de comunicación, e a situación é o contorno extralingüístico (espazo, tempo) en que se produce o acto de comunicación.

En ocasións, certas perturbacións poden causar dificultades na recepción da mensaxe. Estas perturbacións denomínanse ruídos. Por exemplo, a mala iluminación nunha pintura, as interferencias nunha pantalla de televisión, a carencia de lentes nun espectador miope que non dá percibido con nitidez unha imaxe, o balbordo dunha clase impide oír a explicación da profesora, as variacións que sofren os textos ao longo da súa difusión, etc. Para neutralizar as perturbacións ou ruídos nas transmisións das mensaxes, a lingua dispón de diferentes mecanismos, denominados redundancia, é dicir, repeticións de informacións con que se sobrecarga unha mensaxe. Por exemplo, para evitar o ruído ambiental ou a distancia, elevamos o ton da voz e reforzamos con xestos a información que desexamos transmitir; a concordancia de xénero e número tamén é redundante. Por exemplo, na comunicación entre pilotos de avións e as torres de control as mensaxes son emitidas sempre dúas veces como mínimo; este é un factor de redundancia.




Ilustración 1. O proceso da comunicación.

Estes elementos actúan nun acto de comunicación a través de dous procedementos obrigatorios que son a codificación e a decodificación. Mediante a codificación o emisor selecciona dentro do código aqueles elementos que lle permiten elaborar unha mensaxe. Na decodificación o receptor leva a cabo unha operación contraria, inversa á anterior..

2. Funcións da linguaxe

2.1 Introducción

Por linguaxe entendemos a capacidade do ser humano para comunicarse por medio dunha lingua, pero tamén o conxunto de linguas humanas. Con frecuencia utilizamos mal a palabra porque nos referimos a unha lingua ou a unha modalidade de lingua.

De todo isto pódese deducir que a función fundamental da linguaxe é a comunicación, pero, dependendo do tipo de comunicación, falamos de distintas funcións da linguaxe. Entre elas estaría a referencial, a expresiva, a fática, a metalingüística, a conativa e a poética.

2.2 A función representativa ou referencial

A linguaxe normalmente presenta sempre esta función, porque sempre adoita pretender informar de algo, pero dun texto diremos que presenta esta función cando predomine sobre as demais. Distínguese das outras porque a mensaxe aspira a transmitir unha información obxectiva que represente a realidade extralingüística. Dáse nos libros de texto habitualmente.

Ex.: dúas e dúas son catro.

2.3 A función expresiva ou emotiva

Dáse esta función en textos nos que predomina a manifestación dos estados de ánimo do emisor. Á marxe de que a información poida ser obxectiva ou subxectiva, prevalece a expresividade ou emotividade do emisor. Dáse na poesía lírica habitualmente.

Ex.: que bo día fai!

2.4 A función fática ou de contacto

A linguaxe, ás veces, ten como obxectivo verificar o funcionamento da canle. Aparece con frecuencia nas conversas telefónicas. Máis que a mensaxe parece interesar se esta chega claramente ao seu destino. Dáse en conversas directas.

Ex.: diga, diga,... si?, a Roma, di?

2.5 A función metalingüística

É unha modalidade de función referencial. A linguaxe utilízase para transmitir unha información obxectiva, pero o tema é a propia linguaxe. Está nos libros de lingua.

Ex.: para facer o plural engadimos o morfema (-S) nas palabras rematadas en vogal.

2.6 A función conativa ou apelativa

Neste caso a linguaxe presenta como función prioritaria producir unha reacción no interlocutor. Máis que informar, preténdese lograr do receptor un comportamento determinado. Ocorre isto na linguaxe publicitaria.

Ex.: Ven a Galicia, verás o Paraíso.

2.7 A función poética ou literaria

Esta función céntrase na mensaxe en si mesma. Agora non interesa tanto o que se di como de que maneira se di. Importa máis a forma, a estética. É a linguaxe literaria. Para lograr esta función o emisor utiliza recursos expresivos: lingüísticos ou literarios.

Ex.: ¡como chove miudiño,/ como miudiño chove,/ pola banda de Laíño,/ pola banda de Lestrove...!

2.7 Relacións entre funcións e elementos do acto comunicativo

Entre as funcións da linguaxe e os elementos que interveñen nun acto ou proceso de comunicación pódense establecer as seguintes conexións:

Función referencial..... Referente.

Función expresiva..... Emisor.

Función conativa..... Receptor.

Función poética..... Mensaxe.

Función metalingüística..... Código.

Función fática..... Canle.

3. O signo lingüístico

3.1 O signo lingüístico

A Lingüística é a ciencia que se ocupa de estudar o código específicos da linguaxe humana, o cal está formado por unha serie de unidades básicas que se denominan signos lingüísticos.

Un signo é un elemento material sensible ou capaz de representar a outro elemento material ou inmaterial.

3.2 Constituíntes do signo



O signo consta de dúas partes: significante e significado. O significante é unha imaxe acústica, unha sucesión de sons á que asociamos un concepto todos os falantes dunha lingua. Sitúase no plano da expresión. O significado é o concepto que temos dese significante e sitúase no plano do contido.

Ex.: árbore (signo): /árbore/ (significante). Planta con pólas e follas... (significado).

Ilustración 2.. Signo lingüístico: árbore.

3.3 Tipos de signos

Os signos segundo as relacións entre significado e significante poden ser:

- a) Indicio ou síntoma. É aquel signo entre cuxo significante e significado hai unha relación causa-efecto. O signo indicio é motivado. Ex.: a febre é síntoma de enfermidade.
- b) Icona. É aquel signo entre cuxo significante e significado hai unha relación de parecido. É motivado. Ex.: unha foto ou un mapa son signos iconas.
- c) Símbolo. Un signo é símbolo cando entre significante e significado non hai relación algunha. É arbitrario e non motivado. O signo lingüístico é un signo símbolo, agás algunhas excepcións como as onomatopeas que son signos iconas.

3.4 Características do signo lingüístico

O signo lingüístico é un símbolo caracterizado por ser biplano, arbitrario, articulado e lineal.

Biplano quere dicir que ten dúas caras ou planos: a do significante, que é o que oímos ou vemos, e a do significado, que é o concepto que temos do que oímos ou vemos.

Que o signo lingüístico sexa arbitrario quere dicir que entre significativo e significado non hai relación algunha. O signo lingüístico é o resultado dunha convención, salvo excepcións. Isto explicaría que un mesmo significado sexa designado por significantes distintos en diferentes sistemas lingüísticos (idiomas).

O signo lingüístico é tamén articulado, o cal quere dicir que un signo lingüístico é divisible. Hai dous modos de dividir o signo lingüístico; buscando unidades con forma e sentido, buscando unidades que só posúan un dos dous aspectos (forma ou sentido). Para referirmonos aos modos de articulación utilizamos os numerais ordinais, así que falaremos de primeiro e segundo modo de articulación. Co primeiro modo de articulación buscamos e atopamos unidades que teñen forma e sentido (oración, frase ou sintagma, palabra, morfema); co segundo modo de articulación buscamos e atopamos unidades máis pequenas, pero que carecen dunha das dúas caras ou planos (sílaba, fonema; sema). As unidades menores do primeiro modo de articular son os morfemas; do segundo, os fonemas e semas.

Por último, ao dicir que o signo lingüístico é lineal estamos admitindo que se desenvolve nun espazo e nun tempo. Os fonemas, para facer sílabas, deben seguir uns a outros, e o mesmo ocorre coas sílabas para facer morfemas, cos morfemas para facer palabras, e así sucesivamente. E isto é así tanto na linguaxe oral coma na escrita (linguaxe substitutiva da oral); cada unidade segue a outra e non pode nunca superpoñerse. Deste xeito os signos aparecen sempre formando unha cadea cando os relacionamos para construír unha mensaxe (cadea falada). O signo lingüístico adquire valor semántico pola súa capacidade de oposición.

4. Lingua e fala

4.1 Introducción

Unha *lingua* é un sistema de signos do que un individuo pode botar man para establecer un proceso de comunicación con outro que comparta ese mesmo sistema. A *fala* é a posta en práctica dese sistema.

4.2 Disciplinas lingüísticas

A lingua, ao ser un sistema, organízase en disciplinas:

- Fonética e fonoloxía: a primeira estuda os sons (fonemas) que se poden chegar a producir nunha lingua e a segunda, a fonoloxía, encárgase de estudar a relación entre os fonemas que presentan trazos pertinentes para diferenciar significados.
- Morfoloxía: ocúpase da forma das palabras e da combinación dos morfemas e das categorías en que se organizan. Por exemplo, dentro do morfema de número temos singular e plural.
- Sintaxe: estuda a relación entre as palabras para formar unidades superiores (frases, oracións...) e a función que cumpren dentro de cada unidade.
- Lexicoloxía e semántica: a lexicoloxía estuda o léxico dunha lingua e a súa organización en campos semánticos e familias léxicas, mentres que a semántica é a que estuda o significado das palabras.



- Lingüística do texto: céntrase no estudo do texto como unidade comunicativa principal e os seus tipos.
- Pragmática: estuda a relación que existe entre a situación comunicativa e a súa influencia no significado do enunciado.

4.3 As funcións sociais da lingua

A función primordial da linguaxe é a comunicación, tendo en conta que a linguaxe se materializa no uso dunha lingua concreta, debemos concluír que a función primordial das linguas é tamén a comunicación.

Ademais desta función primordial, unha lingua en tanto que é froito dunha sociedade e instrumento que permite o intercambio de información no seo desta debe ser considerada e estudada nos diferentes ámbitos de uso. Así, poderemos afirmar que unha lingua presenta tamén as seguintes funcións:

- Función de identidade: en tanto que serve para formalizar o propio pensamento.
- Función familiar: a lingua é un elemento de relación no seo da familia.
- Función laboral: a lingua é un elemento de relación no ámbito do traballo.
- Función institucional: a lingua é un instrumento de relación cos distintos estamentos sociais, políticos, etc.
- Función cultural: a lingua, é o vehículo de expresión e recepción das ciencias, das artes, da historia, etc.
- Función internacional: é aquela que pode realizar unha lingua cando é utilizada non só por aqueles que a aprenderon como primaria, senón tamén por outras persoas que a aprenderon de xeito secundario como instrumento de comunicación con outros falantes de hábitos lingüísticos distintos aos propios.

4.4 A lingua como sistema

A lingua é unha manifestación concreta da linguaxe en cada comunidade humana. Tamén se denomina idioma. Os signos lingüísticos presentan unha rede de relacións sistemáticas de diversa natureza (fonolóxica, morfosintáctica, semántica, textual etc.). Por iso, ninguén domina un idioma memorizando só o vocabulario, porque as linguas son máis ca un conxunto de palabras. En realidade, esta definición de lingua como sistema é unha abstracción xa que o que nós percibimos son os actos de fala, ou sexa, unha realización dese sistema. Sobre este aspecto botaron luz os lingüistas Saussure e Coseriu.

Sistema. A lingua é un sistema de signos organizados, que se combinan para daren lugar a un número ilimitado de mensaxes.

Norma. Está constituída polas posibilidades do sistema que unha sociedade determinada acepta como intelixíbeis e correctas e, polo tanto, considera normativas. A norma lingüística restrinxe as posibilidades do sistema. Sitúase entre a abstracción absoluta representada polo sistema e as realizacións concretas e individuais da fala.



Fala. A fala é unha realidade física e individual, que contén a creatividade expresiva do falante. A fala é individual porque é o uso que fai da lingua un falante determinado; é material porque se escoita (ou se ve, se é escrita).

Os elementos que integran o código lingüístico (os signos e as regras para combinalos) non se presentan dun xeito caótico, senón que establecen unha serie de relacións sistemáticas que se organizan en diversos niveis:

a) Nivel fónico. É onde se presentan as relacións que existen entre as unidades fónicas. Temos que diferenciar entre os sons que nunha lingua se poden chegar a producir e que se encarga de estudar a Fonética, e o que chamamos fonemas, que son as unidades que presentan trazos pertinentes para diferenciar significados e que se encarga de estudar a Fonoloxía.

b) Nivel morfosintáctico. É onde se presentan as relacións que existen entre as unidades gramaticais, ou sexa, que constitúen signos lingüísticos porque están dotadas de significante e significado.

Do estudo deste nivel ocúpanse dúas disciplinas:

A Morfoloxía que se ocupa da forma das palabras, da combinación dos morfemas e das categorías en que se organizan. Por exemplo, dentro do sistema verbal distinguimos distintos tempos (presente, pretérito, futuro etc), modos (indicativo, subxuntivo ou imperativo), números (singular ou plural) e persoas (1ª, 2ª ou 3ª).

A Sintaxe estuda a relación entre palabras para formar unidades superiores (frases, cláusulas e oracións) e a función que realizan os elementos dentro de cada unidade. Por exemplo, un substantivo desempeña a función de núcleo dunha frase substantiva ou unha frase substantiva desempeña a función de suxeito nunha cláusula.

c) Nivel léxico-semántico. Neste nivel atopamos a organización das palabras en campos semánticos, familias léxicas etc. Analizamos as relacións de sinonimia, hiperonimia, hiponimia etc., que se dan entre os lexemas dunha lingua.

d) Nivel textual. Entre as unidades lingüísticas superiores establécense relacións de coherencia, adecuación e eficacia para construír textos.

e) Nivel pragmático. A Pragmática é a disciplina que analiza os enunciados en situacións reais de comunicación.

4.5 Comunicámonos

Todo ser vivo, incluso o máis elemental, está en interacción continua co medio en que se desenvolve. Esa relación permítelle extraer datos do contorno e dos seres que están nel, así como transmitir outros. Ese conxunto de datos producidos e percibidos constitúe, en sentido amplo, información.

Mais esta información parece presupoñer a existencia dunha comunidade de individuos, para ser preciso establecer un intercambio entre os seus membros. Así, en efecto, os integrantes dun rabaño, unha colmea de abellas... manteñen en distintos graos e por distintas vías (oral, auditiva, olfactiva, táctil...) unha comunicación, que permite levar a cabo unha especie de división do traballo ou facer patente para todos a existencia dun perigo. Por estraño que pareza, os medios de comunicación utilizados polos animais acadan, nalgúns casos, un grao de complexidade relativamente alto.

Os humanos, coma os seres vivos, aínda que con maior intensidade, reciben e proporcionan información continuamente a través, fundamentalmente, das linguas naturais. Pero tamén empregan outros procedementos distintos: facer acenos ou movementos, realizar sinais diversos (eléctricos, lumínicos...), usar cores determinadas, debuxar certos sinais, petar nun tambor, asubiar, etc.

Entre os múltiples recursos dos humanos para comunicarse destaca o uso das diferentes linguas. Cómpre salientar que a facultade lingüística é especificamente humana e a linguaxe, como resultado desta facultade, é un factor definitorio e específico do xénero humano. Esa capacidade fai que usemos linguas para comunicarnos, pero temos que saber que linguas hai moitas, a linguaxe maniféstase en miles de sistemas lingüísticos diferentes, que habitualmente son intercomprensibles. Así temos a lingua galega, a lingua portuguesa, a castelá, a inglesa...

4.5 Os textos

Enténdese por texto unha composición ordenada de signos inscritos nun sistema de escritura, cuxa lectura permite recuperar un significado específico referido pola persoa emisora. A palabra texto provén do latín *textus*, que significa "tecido" ou "entrelazado", polo que na orixe mesma da idea do texto está a súa capacidade para conter ideas nun fío ou nunha secuencia de caracteres.

Deste xeito, un texto convértese nun número de enunciados enlazados e ordenados a partir dun argumento e dunha finalidade (explicativo, narrativo, descritivo, etc.), utilizando para iso un sistema de signos específico, que chamaremos linguaxe, e dentro do devandito sistema un código concreto que chamaremos lingua.

Deste xeito, cada texto contén unha serie de mensaxes cifradas que a persoa lectora debe poder recuperar, e que poden ser de diversa índole, dependendo das tarefas expresivas de quen o escribiu: as instrucións para utilizar a lavadora son textos, pero tamén un poema de amor, a noticia do xornal ou unha pintada de protesta nunha parede da rúa.



Ilustración 3.. Máquina de escribir.

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Exemplo de imaxe 1.	Autoría: Descoñecida. Procedencia: Guía LOMCE 1º bacharelato.
Ilustración 2. Signo lingüístico: árbore.	Autoría: Descoñecida. Procedencia: Guía LOMCE 1º bacharelato.
Ilustración 3. Máquina de escribir.	Autoría: Imagen de ha11ok en Pixabay. Licencia: Simplified Pixabay License. Procedencia: https://pixabay.com/es/photos/m%C3%A1quina-de-escribir-cl%C3%A1sico-viejo-1248088/